


XEADA 2022



Florencio Delgado Gurrutxán



SORRISOS AGOCHADOS

O día 14 de marzo de 2020, podería ter sido un día dun ano calquera, dunha fin de semana máis nas nosa vidas...Pero non foi así. Chegaba ao noso colexio, como a tantos outros, o aviso de que tiñamos que botar o peche. Comezaba o *confinamento*, unha situación que ninguén de nós xamais vivira; unha palabra que nos acostumaríamos a dicir con certa tristura, rabia, pero tamén con esperanza.

O curso continuou grazas ás aulas virtuais. Entre familias e profesorado, procuramos facer todo o que estaba nas nosas mans para que os nenos e as nenas viviran este feito como unha nova aprendizaxe, como unha etapa das súas curtas vidas que contarían unha e outra vez no futuro; nese futuro que ollabamos un tanto anubrado polas fiestras dos nosos fogares. Os balcóns pasaron a ser un espazo moi importante das casas, os que nos permitían manter ese punto de unión coa veciñanza e unha aparente sensación de liberdade.

As ganas de volver á vida de antes eran moitas, pero tivemos que agardar ata o seguinte curso.

Chegou setembro e volvemos ás aulas, pero nada era igual. Os protocolos mandaban e nós tiñamos claro que o primeiro que sempre íamos ter presente, sería a seguridade dos nosos nenos e das nosas nenas; os que entendía menos de toda aquela nova realidade.

Había que respectar os grupos burbulla, os patios parcelados, os corredores con dous sentidos sinalados, as máscaras postas en todo momento, a separación de mesas, a desinfección de mobiliario, material e mans, ...

Nun principio todo resultaba complexo pero foi pasando o tempo e fomos adaptándonos a esa nova realidade.

Os sorrisos que se intuían, non eran os mesmos, pero si eses ollos, que pasaron a ser a canle xestual de comunicación máis poderosa durante todo o tempo de bocas agochadas tras un anaco de tea.

No colexio procuramos que os sorrisos non se borrarán e seguiran existindo detrás das máscaras.

O curso rematou, outro novo curso volveu comezar e todo continuaba igual; había que seguir mantendo o mesmo protocolo, pero coa vantaxe de ter xa un longo camiño percorrido.

E por fin, o 19 de abril deste curso, chegou a anhelada mensaxe agardada durante días, meses, incluso anos:


"Podemos quitar as divisións dos patios e as *mascarillas!*"

Os berros e saltos de alegría ían sucedéndose en todas as aulas. A emoción contida durante tanto tempo, deu paso a unha explosión de xúbilo que se fixo sonora dentro e fóra do noso cole. Chegara o momento da LIBERDADE!

Apertas de amigos e irmáns inundaron o patio.

Queremos dar desde aquí, un sonoro APLAUSO aos nosos nenos e ás nosas nenas, que souberon respectar esta situación con tan bo talante, que aceptaron normas, que cumpriron tempos e que, ante todo, mantiveron a mirada nun futuro que empeza a brillar polas fiestras das nosas vidas.

Unha aperta para todos e para todas e FELIZ VERÁN!



4º DE E.I. VISITA O ZOO DE VIGO



ALÍ CONECIMOS
AS CEBRAS, O
OSO, A LEOA,
AS
AVESTRUSES.

LEOA-
CLAUDIA




AS SERPÉS, AS
TARTARUGAS,
OS ANIMAIS
NOCTURNOS...

O QUE MÁIS
NOS GUSTOU
FOI...



PABLO - MORCEGO



ENZO - OSO



SARA - SERPE



CARLOS - SERPE



CHLOE
SERPE



MARIO



DAVID -
SERPE E OSO



LUCAS - CROCODILO E BUFO



JADE
SERPE



ÁFRICA - CROCODILO E BUFO



DAMELA

AVESTRUZ



O PASAMOS
XENIALI



ADRIÁN - SERPE



GABRIEL - OSO



CLOE - LEOA




NICO - SERPE



LARA - TARTARUGA




IRAN - OSO



GALA - PATO



KAILA - OSO



LÍA - XEVE TA



ANXO - SERPE



VALENTINA - SERPE



CANDELA - CEBRA



ENEKO - MORCEGO

5º E I O XABÓN O

INGREDIENTES:

GLICERINA
AROMA

COLORANTE

BASE DE XABÓN



¡MOS ALÓ

PASO 1: MESTURADE A

GLICERINA COA BASE

DE XABÓN E AO MICROONDAS




PASO 2: BOTÁ DELLE COLORATE E
AROMA.



PASO 3:

ENCHEDE OS MOLDES COA
MESTURA.



PASO 4:




ESPERAMOS 5 MINUTOS ATA QUE A MESTURA
ESTE DURA.
PASO 5:

SACALO DO MOLDE.
TANTO TEN QUE CHOVA
OU QUE
KN BO
SEMPRE
O



VENIE
BANO
ALEGRA
CORPO.

VERDE QUE TE QUERO
VERDE !

NA NOSA AULA VIAJAMOS
A TRAVÉS DOS LIBROS.
VIAJAMOS A ESPAÑA
A CHINA, A RÚSSIA
E TAMÉN VIAJAMOS ONDE
VIVE PAPÁ NOEL 
TAMOS QUE CUIDAR TODOS
O NOSO PLANETA PARA
SEGUIR TENDO ESTOS PAÍSES.
NA CASA E NA ESCOLA
TEMOS QUE SEPARAR
PAPEL, CARTÓN E PLÁSTI-
COS.



TEMOS QUE REDUZIR, REUTILIZAR E
RECICLAR. AS 3 R.

CANDO LAVES OS TEUS DENTES
PECHA O GRIFO.

ONOSO PLANETA NECE-
SITA AUGA, NON A DESPERDICIES
CANDO COMAS UN XEADO
TIRA O PAPEL NO SEU CONTENEDOR.

OS NENOS E NENAS
QUEREMOS E MERECEMOS UN
MUNDO VERDE.




6ºEI



EXCURSIÓN O MONTE ALOIA

2021-2022



Depois de tanto tempo os meus e minhas de 1º e 2º fizemos unha saída ó Monte Aloia.



Passámos xerxal! Ampliamos os nosos coñecementos sobre as plantas e aprendemos moito sobre os animais da zona.



Demos unha pequena volta á beira do río. Menuda aventura!



Tivemos a sorte de ver uns pequenos tritons. Precisan auga moi limpiña para poder vivir.



Como nos divertimos cando abrimos a fonte!!!



Per último o viaxe no autobús, tamén foi moi emocionante e entreteído.



Os nenos e nenas de 1º
desexáramos un bo verán.



ANIMALANZAS

Oellas longas, rabo
curtiño. Rode e salto
moi lixeiriño.

O COELLO



Uxia e Lía Sio

Este é un animal, deto do modo
original que ao parecerse
coa arabeira non se chama
igual.



O ESCARABELLO

Nicolás e Roque.

Viste de chaleco branco
e tamén de negro grac,
é un ave que non voa,
pero nada. Quen será?



O PINGÜIN

Xián Suengas e Marcos.

Cando nada nos ríos,
parece un tronco flotante,
pero se mostramos seus dentes
todos foxen ao instante.

O CROCODILO



Mariña e Carlota Costas.

Contas mans deulle o mar
a este extraño pasaxeiro,
que lle queren contratar
para que xogue de seteador!

O POLBO



Xabi e Xián Mouce.

O roer é o meu traballo
e queixo o meu
aperitivo e o gato foi
sempre o meu
máis terrido inimigo

O RATO



Xoel e Fran

Falo e non penso, choro e non
sinto, río sen razón e minto
sin intención.

O LORO



Ariadna e Lía F.

Zoa que che zoa,
van e veñen sen descanso,
de flores en flor saltando
e a moza vida adozando

A ABELLA



Ariel e Adrián

Voo de noite, durante de
día e nunca vesos flumes no
máis as.

O MORCEGO



Jesus e Izam

Din que a tia Cuda
arrástrase con
mala pata. quen
será esa rapaza?

A CASCUDA



Antón e Nayara

Adiviñay adiviñador
Por las mañás
Son un gran cantor
O GATO



Carlota N. e Vera



2º E.P.

A PANDA VERDE

Somos unha panda
que polo mundo anda,
Con esta Panda Verde
O planeta nunca perde



Somos unha panda
de xente valente
e queremos comulencen
a moitísima xente



Somos unha panda
unha panda exemplar
por un mundo mellor
queremos loitar



Somos unha panda
que polo mundo ardo,
con esta Panda Verde
o planeta nunca perde



Somos unha panda
unha panda sen paz,
por un mundo mellor
queremos loitar.



Respecto ao planeta
amor de corazón,
da Panda Verde
esta é a lección



Coo Panda Verde

O planeta nunca perde!!



Erica
Icía Lucid No Lois Noa ✶
Alejandra Galas Naiera
Belbrán
Joel Lala
André
Xabi (3ºB)



André Miguel Adam Erica Noela Keka Jacobo
Rubén Elia India Teo Lois Daniela Marco
(3ºA)

Universo



Os nenos e nenas de 4º E.P.
estivemos investigando sobre o Universo.
Fixemos un Lapbook coa información que
utilizamos e agora queremos compartílo.
ESTADE MOI ATENTOS!



Vehus tivo auga cando a terra estaba a
formarse.



O universo observable ten un tamaño de
43.000 millóns de anos luz.

Existe un planeta feito de dia-
mantes.



O cinturón de asteroides ten máis de 90.000 asteroides..



Estimase que o Universo ten nada máis e nada menos... 13.800 millóns de anos!

O sol tarda 200 millóns de anos en dar unha volta á Vía Láctea.



A terra está a uns 150 millóns de Kilómetros do sol.



En Jupiter hai unha gran tormenta chamada a gran mancha vermella que mide 2 ou 3 veces a terra.

Sabedes que o Monte Olimpo é o monte máis alto do Sistema Solar




Uma supernova a miles de anos luz
Extinguirá a vida da Terra.



A pesar do seu divino nome, xa sabemos
que o planeta Venus é un lugar infernal:
o calor é achicharrante e a súa superficie
está devastada ata se creou unha
atmosfera capaz de demetir o
mismísimo chumbo.

4º E.P



5º Primaria

“Un bico por susil”



BICOS e non balas

Antonio García Teijeiro
Ilustracións de Bea Gregores

“Para os menos
e menas de Ucrania”

Os menos e menas de 5º
escollimos un poema do noso
veciño ilustre Antonio García
Teijeiro e a partir de dúas estro-
fas do autor, escribimos os
nros propios versos
Velaquí o resultado

1

Bicos como balas
Balas de cartón
Balas como bicos
Bicos de algodón

Son balas de bicos
Son bicos de cor.
Son bicos de balas
Balas de candor

Bicos como balas
Balas como bondade
Balas como bicos
Bicos de amizade

Son balas de bicos
Son bicos de coração
Son bicos de balas
Balas de ficción



Bicos como balas
balas de xaromín
balas como bicos
bicos de emoción.

Son balas de bicos
Son bicos de delicias
Son bicos de balas
Balas de ledicias

Bicos como balas
Balas de mimo
Balas con lucas
Balas de agarimo

Son balas de bicos
Son bicos de bombón
Son bicos de balas
Balas de Perdón




FLORENCIO DELGADO G.

Naceu no ano 1903, na aldea de Górgomo, pertence a Valdeorras, unha comarca de Ourense moi famosa polos seus viños. A familia de Florencio era comerciante e iso fixo que a súa vida fose máis doada. Aos seis anos marchou a vivir a Ourense ata os dez anos. Despois viviu en Palencia e Valladolid. Empezou a escribir os seus primeiros poemas inspirándose en Rosalía de Castro.

O caderno onde os redactou titulouno "Parradas de cando era cativo" e había textos como este:

"Rigueiro da miña aldea
serpe de prata e cristal
que das vida das tuás augas
os prados e castañares."

Con dezasete anos empezou a carreira de Dereito e no ano






1928, regresa a Valdeorras.

Neses anos escribiu moitos poemas, case todas sobre a natureza e o viño. Os poemas asinábaos con pseudónimos coma Nabet ou Xan do Sil.

No ano 1934 publica Bebedeira. Afiliouse ao Partido Galeguista e coñeceu a intelectuais da época, como Castela ou Alexandre Bóveda. Co estalido da Guerra Civil Española, Florencio tivo que fuxir ao exilio. Rematada a Guerra, colleu outro barco ata México e Ipanema. Unha vez alí, participou na creación da revista Saudade e Vieiros. Nese tempo, traballou de moitas cousas, entre elas de comercial nunha empresa de calzado onde coñeceu a Celia coa que casou e tivo cinco fillos. Durante estes anos inventou

uns poemas, chamados criados. Xa con sesenta anos publicou un libro de poemas titulado Galiza Infirida.

Finalmente, regresou a Cónqomo e seguiu publicando libros como: Cantareñas e O soño do quieiro. Este último publicouno no ano 1986, uns meses antes de morrer.



FELICES LETRAS!

Xeacala

6º Primaria

GREGUERÍAS

O sol é a lanterna da Terra.



Noa

O amarelo coma un sol, chea o día de alegría.



Oscar

A poesía é a canción das rimas



Sabela

Unha illa é como un deserto solitario.



Nair


A entrada é unha luz que me ilumina.



Hugo

Os brócolis son os alveolos dos vexetais.

No inverno gústame ir ao lar da cocina para facer un cocido. Hao Wu




Pedro

O chocolate é a emoción da Alegría

Adán

A sinceridade é a chave da verdade



Lara

O limón é a laranja máis ácida.



Martín



Xiana

O corazón é a locomotora do corpo.

A alegría é a expresión de felicidade da nosa cara



Daniel

O medo é o músico que me paraliza.



KHALID

O plástico é o veneno da natureza.



Xael

O caderno é a casa das palabras.



Alba

A mentira é unha enfermidade da lingua.

Ismael



As ruletas da sorte son moedas que podes perder na quiebra.



Diego R

Cando me tomo un
Calipo sintome nun
verán fresquito.



Ainara

As ás da bolboneta
son a liberdade do
noso planeta.



Andrea

A ventá é a porta da luz



Vera

Os pinceis pintan
a imaxinación coas
súas cabezas.



Diego V.



A pandeireta é a filla alegre
que saíe ao tambor.



Hernán

O Zapato é unha pendente
con enredadeiras.



Dubra

A mazá é o mordido
de cada mañá.



Yassin



6º PRIMARIA

Carta aos nosos nenos e nenas

Queridísimos nenos e nenas do CEIP Mestre Valverde Mayo, queremos adicarvos unhas palabras de agradecemento pola exemplaridade do voso comportamento ao longo destes dous durísimos anos de pandemia.

As nais e pais de tod@s vós estamos moi orgullos@s porque fostes moi responsables no uso da máscara e na aplicación de tódalas medidas que se vos exixiron. Sodes uns campións e campioas!!!!

O vindeiro curso dende a ANPA faremos todo o posible por recuperar a normalidade e que poidades volver desfrutar de tódalas actividades lúdicas e educativas que merecedes: festas, saídas, actividades extraescolares, charlas, festivais, xogos....

Desexamos que pasedes un verán moi feliz e cheo de maravillosas experiencias!!!!

Saúdos



anpaceipmestrevalverdemayo@gmail.com